



PRESENTACIÓN DA AULA

Debido as dimensións do recinto dividiranse os grupos participantes alternando as actividades. Este grupo divídese á súa vez en dous pero, antes, explícaselles a organización dos paneis na aula, o seu contido e a súa organización.

Na planta baixa: (unha maqueta do río ao seu paso pola cidade de Ourense e 6 paneis):
Río Miño. Do nacemento á desembocadura.

A agua no mundo.

A agua que consumimos.

Importancia do río – biodiversidade, espazos naturais, cultura.

Importancia do río – paisaxe, terrazas fluviais, coiñais.

Importancia do río – paisaxes de Galicia.

Na planta de arriba: (unha maqueta dunha acea -muíño de Ourense e 8 paneis).

Dereita.

2 paneis de plantas e bosque de ribeira.

2 paneis de animais: un de insectos e moluscos (invertebrados) e outro de anfibios, réptiles, peixes, aves e mamíferos (vertebrados).

Esquerda.

Muíños.

Pontes de Ourense.

Augas termais.

Usos tradicionais do río.

Maqueta do muíño.

Se sobran máis de 30 minutos para que finalice a sesión no interior, antes de xogar súxíreselles que boten unha ollada aos paneis.

Xogo de averiguar respostas (30 minutos).

Pode ser a Oca ou simplemente repartir o mesmo número de preguntas a cada grupo e ver quen as acertan correctamente, antes e en maior número. Se, por azar, se alcanza a meta en pouco tempo ou de ter feito moitas preguntas e respostas, xógase outra vez. Preguntar antes da despedida algo sobre o que lles pareceu a visita.

Ver fichas para reconecer outros animais que poidan aparecer no itinerario (paxaros, lagartixas).

Facer máis preguntas OCA.

Facer preguntas, xogo conclusión do itinerario.

Transparencias

Material.

Fichas roda de animais.

Panos do Concello e outros obxectos para sinalar no xogo da roda de animais.

Prismáticos.

Cámara, paraugas por se alguén non o leva.

Panel (papel ou cartón). Oca – pegar – fichas – dado – reloxo de area ou cronómetro.



Parada. Coñal. Muíño. Potables.

Coñal. Formado por coios (cantos rodados), pedras redondeadas e pulidas pola erosión do río. En millóns de anos alternáronse fortes choivas – erosión e transporte con épocas secas, sedimentación. Usáronse moito para construción (casas, rúas, prazas, etc.)

Muíño. Tiveron moita importancia, para facer fariña e tamén producir enerxía. Algúns tiñan varios propietarios e utilizábano por quendas. En Ourense chamábanse Aceas. Construíanse dentro do río e tiñan forma de barco (proa-tallamar) para soportar mellor a corrente. As rodas eran de rotación (rodicio) vertical.

Potables. De fronte, na desembocadura do río Loña, pódese ver unha caseta de bombeo de auga do Miño que é conducida á ETAP para potabilizala antes de enviala ás casas.

Na meirande parte do ano cáptase do encoro de Castadón (río Loña) para este fin. Cada vez usamos máis o río e cada vez requirirá a auga máis tratamento e iso é moi caro. Usar con prudencia a auga, non tirar cousas polo váter, nin ao chan, etc.

Parada. Lodoeiros (*Celtis australis*).

De onde credes que é?. Non é *australis* por ser de Australia senón por ser do sur de Europa. Propio do clima mediterráneo atópanse moi poucos de forma espontánea en Ourense e sur de Lugo. Vive cerca do río pero adáptase ben á seca e á calor do verán. O froito é como unha cereixa negra, aos paxaros gústalle e así axudan a propagalo (comestible, a que sabe? Para min, a uva pasa). A punta da folla é longa e fina, follas dentadas (con dentes nos bordes). Flores amareladas. Usábase a madeira para utensilios agrícolas, bo combustible e carbón de primeira calidade.

Se non se fixo o xogo e sobra tempo, faise como conclusión – Uns de costas para os outros, logo de escoitar uns enunciados relacionados co itinerario, perséguese segundo sexa verdadeiro ou falso. De cada vez coméntase a afirmación.

EXTERIOR (40 minutos).

Realizarase un xogo (roda de animais) e/o unha parte dun itinerario.

Xogo (20 minutos). Cando quedaran no medio 5-7 persoas (o monitor e a ser posible o profesorado tamén xogan) o monitor va cara a un dos participantes e preguntalle que animal ten e que características sabe del.

Itinerario (20 minutos).

Parada. Espigón, Embarcadoiro.

A presa de Velle. Construíuse en 1966 para producir enerxía. Retén a auga (comportas) e déixaa caer movendo unha turbina que mediante un xerador produce enerxía. É necesaria a enerxía e este sistema é limpo pero hai que respectar o caudal mínimo para que poidan vivir os peixes e o resto dos seres vivos, ademais de facer pasos para que os peixes migratorios (salmón, anguía, lamprea) poidan subir para pór os ovos.



Observar se se ven:

Corvo mariño: Captura peixes mergullando e logo estende as súas ás ao sol para que sequen porque ten pouco desenvolvida a glándula que impermeabiliza as súas plumas. Pode comer $\frac{3}{4}$ de peixes ao día.

Lavandeira.

É insectívora e por iso está protexida. Camiña pola beira para conseguir insectos pequenos e vermes. Moven a cola de arriba para abaixo para comunicarse entre elas.

Patos (Lavanco real).

O macho é de cores vistosas para ligar e a femia é parda para non ser vista no niño. Comen sementes, herbas, insectos, pequenos anfíbios e moluscos. Están todo o ano, no inverno veñen máis de Europa. Voan moi ben, poden percorrer 480 km nun só día.

Gaivotas.

Comen os residuos. Antes co vertedoiro había moitas máis. Aquí temos a gaivota chorona, chamada así polo ruído que fan.

Parada. Chopos (álamos-populus). Chopo branco, chopo negro e chopo lamigueiro. Necesitan ter as súas raíces preto da auga por iso se atopan nas ribeiras dos ríos. Protexen e fixan as ribeiras (coas raíces). É gorida, sombra e alimento de moitos animais como todas as árbores. A madeira é lixeira e de pouca calidade, utilizábase para embalaxe e pasta de papel. Niños – nalgúns países, en primavera e verán, prohiben talar as árbores para protexelos, moitos paxaros que emigran (polas temperaturas) regresan no ano seguinte na busca do mesmo niño.

O pecíolo (une a folla coa rama) é longo e flexible, a forma da folla é variable, esta é ovoide-romboidal ou triangular e remata en punta (acuminada) ademais o borde da folla é serrado. Fixarse no tronco.

No bosque de ribeira xeralmente se atopan os mesmos tipos de árbores segundo a proximidade do río. Son frecuentes os amieiros (*aliso*), bidueiros (*abedul*), salgueiros (*saucos*) máis preto do auga.